
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 20 DE XANEIRO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se ditan normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o día 27 de xaneiro de 2011.
- Decreto polo que se modifica o Decreto 42/1998, do 15 de xaneiro, polo que se regula o transporte sanitario.

CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se declara a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo expediente de expropiación forzosa que se tramita por mor das obras incluídas no proxecto sectorial de incidencia supramunicipal denominado: Granxa mariña e criadeiro de abalón en Muros (A Coruña), promovido por Galician Marine Aquaculture, S.L.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre as comunidades autónomas en materia de protección civil e xestión de emerxencias.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Abegondo para a execución da obra da estación depuradora de augas residuais de Seixurra e San Román. Abegondo (A Coruña), Clave OH.315.978, por importe de cento sesenta e un mil setecentos oitenta e dous euros con setenta e un céntimos (161.782,71 euros).

- Acordo polo que se aproba a adhesión do Concello de Forcarei á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á 2ª prórroga do contrato de xestión de servizos públicos, en réxime de concesión, para a explotación do centro de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia da localidade de Bembrive (Exp. 7/03), por un importe de dous millóns cento corenta e dous mil douscentos cincuenta e oito euros (2.142.258,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre comunidades autónomas, en materia de prevención e extinción de incendios forestais.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o Plan estratéxico do téxtil.
- Informe sobre as actuacións en materia de consumo durante a campaña de Nadal.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o inicio do proceso de reversión da xestión do Hospital ao Centro Galego de Bos Aires.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre enquisa de ocupación de establecementos de aloxamento turístico regrado (INE novembro 2010 e resumo de xaneiro a novembro de 2010)
- Informe sobre visitas na primeira semana de apertura ao público da Cidade da Cultura.

A XUNTA DECRETA OS SERVIZOS MÍNIMOS ESENCIAIS PARA A FOLGA DE PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DO VINDEIRO 27 DE XANEIRO

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que dita as normas para garantir os servizos esenciais durante a folga xeral convocada para o vindeiro xoves día 27 de xaneiro que afectará a todas as actividades laborais e funcionariais desempeñadas polos traballadores e polos empregados públicos das empresas e organismos establecidos dentro do ámbito xeográfico e xurídico galego.

A folga, que se desenvolverá entre as 0:00 horas e as 24:00 horas do vindeiro 27 de xaneiro de 2011, está convocada pola Confederación Intersindical Galega (CIG).

Ante esta convocatoria e diante da necesaria conciliación entre o exercicio ao dereito de folga e o mantemento dos servizos esenciais, a Administración autonómica fixou hoxe uns servizos mínimos indispensables para o funcionamento dos servizos esenciais que figuran no decreto, que entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Para estes efectos, tomouse como referencia o Decreto 151/2010, do 23 de setembro, por teren sido favorables á Administración galega os diferentes autos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que se pronunciaron sobre a improcedencia da súa suspensión.

Así, establécense servizos mínimos sobre sectores e actividades competencia da Xunta que poden afectar o desenvolvemento da actividade cidadá, como a sanidade, seguridade, protección civil, transportes e comunicacións, medios de comunicación social, rexistros públicos, edificios, bens e instalacións públicas, asistencia social e educación, servizos de vixilancia e extinción de incendios e bombeiros.

Neste sentido, e seguindo o criterio establecido polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no auto do 19 de xuño de 2002, os servizos mínimos non excederán en cada centro, departamento ou oficina do número de persoas que normalmente permanecen neles con ocasión dun domingo ou día festivo, salvo que se trate de órganos que tales días permanecen pechados, no que haberá que atenderse ás quendas establecidas para os sábados

O decreto incide, entre outros sectores e actividades, na fixación de servizos mínimos na Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) –polas graves consecuencias ambientais e de saúde pública que podería comportar unha parada das súas instalacións en determinadas infraestruturas viarias, para garantir a súa utilización en

condicións de normalidade e o exercicio de dereitos como a libre circulación e o acceso aos servizos de saúde, educación, etc.

SANIDADE MODIFICA A NORMATIVA DE TRANSPORTE SANITARIO PARA OPTIMIZAR OS RECURSOS EXISTENTES

- *Con esta nova normativa, Sanidade incide na mellora da prestación da saúde que supón dispor de máis tipos de recursos, así como no incremento da seguridade e a cualificación profesional do persoal que intervéñen no transporte*
- *Especialmente significativa é a creación do tipo de ambulancia 4x4, que permitirá chegar a todos aqueles lugares que, polas súas características físicas ou climatolóxicas, non se pode acudir con vehículos convencionais*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe vén de aprobar un proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 42/1998, do 15 de xaneiro, mediante o que se regula o transporte sanitario.

A Administración sanitaria galega considera que a regulación actual da normativa de transporte sanitario precisa dunha adecuación para poder optimizar os recursos existentes nesta materia. En consecuencia, coa modificación do Decreto 42/1998, establécese unha nova clasificación dos distintos vehículos de transporte sanitario, o que permitirá dispoñer do recurso axeitado ás necesidades demandadas polos pacientes.

Especialmente significativa é a creación do tipo de ambulancia 4x4, que permitirá chegar a todos aqueles lugares que, polas súas características físicas ou climatolóxicas, non se pode acudir con vehículos convencionais.

Modifícanse, igualmente, os anexos do decreto, nos que se establecen as características dos vehículos e do equipamento destes, en función do tipo de transporte a que se destine, adaptándose, deste xeito, ás evolucións técnicas do sector.

En consecuencia, a modificación do decreto vai permitir, por un lado, a utilización axeitada ás necesidades dos pacientes dos distintos tipos de vehículos, optimizando, deste xeito, os recursos existentes. Por outro lado, tanto a regulación da vida útil dos vehículos como a cualificación profesional exixida aos profesionais non sanitarios, vai supoñer un incremento da seguridade dos usuarios do transporte.

Con esta nova normativa, Sanidade incide, pois, na mellora da prestación da saúde que supón dispor de máis recursos, así como no incremento da seguridade e a cualificación dos traballadores que interveñen no transporte. Ademais, os equipamentos dos vehículos van encamiñados á prestación de saúde nas mellores condicións posibles.

A PRIMEIRA GRANXA MARIÑA DE ORELLA DE MAR EN GALICIA XERARÁ MÁIS DE 120 EMPREGOS DIRECTOS E INDIRECTOS

- *Trátase do primeiro proxecto de acuicultura de nova creación desenvolvido e aprobado nos últimos 5 anos*
- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto a través do cal se declara a ocupación dos bens que permitirá a execución das obras do proxecto*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola execución das obras do proxecto da granxa mariña e criadeiro de abalón (orella de mar) en Muros. A Consellería do Mar dá así un paso máis na execución do primeiro proxecto de acuicultura de nova creación desenvolvido e aprobado nos últimos 5 anos no marco do Plan Galego de Acuicultura. Este proxecto xerará máis de 120 empregos, 54 directos e máis de 70 postos indirectos, correspondentes a actividades como o mantemento e a recolección e aprovisionamento de microalgas para alimentar as orellas de mar.

A Consellería destina a esta granxa e criadeiro de Muros un total de 3.503.250,59 euros, a través das axudas destinadas ao ámbito da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca. Así, este proxecto responde a unha iniciativa agardada na zona que suporá unha importante dinamización económica nesta comarca e nas adxacentes. Ademais contribuirá a asentarse as bases dunha novidade para a acuicultura galega, a do cultivo de gasterópodos mariños, reforzando o proceso produtivo do sector da acuicultura galega e impulsando o I+D+i. Por outra banda, a actividade da granxa contribuirá a reforzar o comercio exterior acuícola de Galicia, xa que o cultivo do abalón se destinará á exportación.

Aínda que na maioría dos casos a empresa chegou a acordo cos propietarios dos terreos cos que negociou directamente tal e como posibilita o Plan galego de acuicultura, no procedemento de expropiación vense afectadas 86 parcelas e no 98% dos casos a expropiación afecta unicamente á cabeceira dos predios. Deste xeito, cúmprese coa modificación realizada ao plan a principios de 2010, que establece a expropiación coma un método posible de adquisición de terreos, pero non como o único xeito de adquirilos, permitindo que as empresas do sector acuícola poidan converterse en propietarias dos terreos como garantía do seu investimento.

Este proxecto enmárcase nas directrices da Consellería do Mar de crear espazos no litoral galego para actividades de acuicultura que regulen o crecemento da acuicultura mariña na terra atendendo ao criterio de equilibrio económico, social e ambiental. Cabe lembrar que a concesión da axuda de máis de 3,5 millóns de euros á empresa

promotora do proxecto, Galician Marine Acuiculture S.L., aprobada en novembro de 2009, supuxo o desbloqueo da acuicultura en Galicia.

GALICIA COLABORARÁ CON OUTRAS OITO COMUNIDADES AUTÓNOMAS EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL E XESTIÓN DE EMERXENCIAS

- *Será grazas a un convenio que se acordou no marco do VII Encontro de comunidades autónomas para o desenvolvemento dos seus estatutos de autonomía*
- *Traducirase nun beneficio para os seus cidadáns e nunha xestión máis eficiente dos seus recursos*

O Consello da Xunta desta mañá deu luz verde á sinatura do Convenio de colaboración entre comunidades autónomas en materia de protección civil e xestión de emerxencias, que se acordou no marco do VII Encontro de comunidades autónomas para o desenvolvemento dos seus estatutos de autonomía, que tivo lugar en Logroño o 5 de xullo de 2010.

Nesta xuntanza, as comunidades de La Rioja, Euskadi, Cataluña, Andalucía, Valencia, Aragón, Baleares, Castilla y León e Galicia acordaron asinar este encontro co obxecto de promover unha correcta coordinación das súas competencias nesta materia, que se traduciría nun beneficio para os seus cidadáns e nunha xestión máis eficiente dos seus recursos.

Segundo recolle o texto, as comunidades colaborarán entre si en situacións de grave risco ou catástrofe achegando medios materiais, humanos e económicos. As peticións de axuda e colaboración canalizaranse a través do teléfono de emerxencias 112 e faranse a través dos centros de coordinación tanto da comunidade peticionaria como da receptora.

Así mesmo, os asinantes tamén elaborarán coordinadamente programas específicos de concienciación e sensibilización en materia de protección civil, orientados á prevención e á autoprotección. É o caso da preparación, programación e realización de proxectos, cursos, encontros ou seminarios; intercambios de información, documentación, publicacións e material didáctico; a preparación e formación de persoal que participe nas tarefas de protección e civil e xestión de emerxencias; ou as campañas de comunicación, entre outros.

O convenio comunicarase ás Cortes Xerais, e no prazo máximo de dous meses constituirase unha comisión sectorial de desenvolvemento e seguimento; que elaborará un plan de actuación para o cumprimento do convenio, efectuando o seguimento e control dos seu desenvolvemento posterior. En particular, tratará de homoxeneizar as actuacións que se derivan deste texto coas dispostas noutros

convenios ou protocolos en materia de protección civil e xestión de emerxencias que afecten as comunidades autónomas asinantes.

O acordo entra en vigor neste 2011 e terá unha duración indefinida. As comunidades asinantes promoverán as accións necesarias para que o resto de comunidades autónomas que o desexen adhíranse a este convenio.

A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 162.000 EUROS NA CONSTRUCIÓN DA DEPURADORA DE SEIXURRA E SAN ROMÁN, NO CONCELLO DE ABEGONDO

- *A nova depuradora terá capacidade para tratar 520 hectómetros e ocupará unha parcela de 1.259 metros cadrados*
- *O prazo de execución será de 4 meses e beneficiará unha poboación de preto de 6.000 veciños*
- *Este proxecto enmárcase dentro do programa LIFE+ da Comisión Europea*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se autoriza o contrato de obra da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Seixurra e San Román, no Concello de Abegondo; por un valor de preto de 162.000 euros. A nova depuradora terá capacidade para tratar 520 hectómetros e ocupará unha parcela de 1.259 metros cadrados.

O prazo de execución será de 4 meses e beneficiará a unha poboación de 6.000 veciños de Abegondo.

Esta nova depuradora contará cun amplo sistema de depuración, ao estar dotada de: planta de pretratamento, outra de tratamento secundario e terciario, así como unha complementaria, co fin de garantir a mellor depuración desta augas.

A actuación que se vai realizar ten a súa orixe no convenio de colaboración asinado entre o Concello de Abegondo, Augas de Galicia, Emalcsa e a Consellería de Medio Rural, dentro do programa LIFE+, concretamente o proxecto denominado *Aqua Plan Project* da Comisión Europea.

Con este proxecto búscase acadar un nivel axeitado de depuración das augas residuais do concello que permita incidir positivamente na preservación do lugar de importancia comunitaria Abegondo-Cecebre, dando así cumprimento aos obxectivos do proxecto aprobado no seu día pola Comisión Europea.

A construción da nova EDAR está enmarcada tamén dentro do Plan hidrolóxico Galicia-Costa, na actualidade está nas últimas semanas do seu proceso de información pública.

O Plan hidrolóxico Galicia-Costa é una ferramenta básica de planificación en materia de xestión dos recursos hídricos, que conta cun programa de medidas cuxo investimento total ascende a 1.542,7 millóns de euros ata o ano 2015, dos cales o Goberno galego asume case un 60% do investimento total. O resto de investimentos serán achegados polas distintas administracións competentes na xestión da auga:

Xunta de Galicia, Administración xeral do Estado e outras administracións: concellos, e deputacións. Os investimentos deste plan buscan un dobre obxectivo prioritario: acadar o bo estado das masas de auga para o ano 2015 e que as demandas de auga sexan satisfeitas axeitadamente. A meirande parte dos investimentos está destinada a medidas para o cumprimento dos obxectivos ambientais (82,78%).

A AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA ASUMIRÁ AS COMPETENCIAS URBANÍSTICAS DO CONCELLO PONTEVEDRÉS DE FORCAREI

- *O municipio pontevedrés delega neste organismo o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística dos solo rústico e urbanizable así como nos núcleos rurais*
- *Os ingresos das multas coercitivas e sancións impostas serán repartidos a partes iguais entre a Administración autonómica e o concello*
- *Con esta adhesión serían 54 os convenios autorizados polo Consello da Xunta, e 48 os documentos asinados, o que supón unha superficie de 3.501 km² e un beneficio para máis de 217.000 habitantes*

O Consello da Xunta anunciou hoxe a sinatura dun convenio de adhesión entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o concello pontevedrés de Forcarei. En virtude deste convenio, o Concello de Forcarei delega na Axencia da Legalidade Urbanística o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunhas das seguintes clases de solo: solo rústico, solo urbanizable mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais tradicional.

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas, serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ao concello

Cómpre sinalar que a axencia exercerá estas responsabilidades desde o día seguinte ao da publicación do convenio no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), considerando que a vixencia do convenio será indefinida. Nesta delegación de competencias non se inclúe a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos emitidos pola axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderá ao concello.

Por último, o concello debe prestar cooperación e asistencia activa que o organismo autonómico solicite, co fin de levar a cabo un eficaz exercicio das súas competencias; terá tamén que facilitarlle ao persoal da axencia o acceso inmediato aos expedientes

de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canda información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións; e contribuir ao sostemento económico da axencia nos termos que establece o citado convenio de adhesión.

Concellos adheridos á APLU

A Axencia da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial para desenvolver, en común pola Xunta de Galicia e os concellos que se integren de forma voluntaria nesta, as funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Con esta nova adhesión serían 54 os convenios autorizados polo Consello da Xunta e 48 os documentos asinados que son os que actualmente están en vigor, polo que quedarían por formalizar polo pleno de cada concello: Abegondo, Sada, Gondomar, Pontevedra, O Barco de Valdeorras e Meaño. Con isto, a APLU xestiona actualmente un total de 3.501 quilómetros cadrados de superficie correspondentes aos 48 concellos (14 na Coruña, 8 en Lugo, 18 en Ourense e 8 en Pontevedra), o que supón máis de 217.000 habitantes.

Concello	Poboación	Territorio (Quilómetros ²)
A CORUÑA		
A BAÑA	4528	98
A CAPELA	1439	58
ARES	5628	18,3
ARZÚA	6484	155,4
BOIMORTO	2348	82,4
CARIÑO	4617	46,8
CEDEIRA	7511	85,4
DODRO	3024	36,1
LOUSAME	3702	93,6
MUGARDOS	5605	12,8
OROSO	6804	72,1
PORTO DO SON	9867	94,6
TOQUES	1416	77,9
VAL DO DUBRA	4481	108,7
LUGO		
BECERREÁ	3276	172,1
BEGONTE	3538	126,8
CASTROVERDE	3110	174,2
LOURENZÁ	2569	62,6
O SAVIÑAO	4570	196,6
RIBEIRA DE PIQUÍN	723	73

TRABADA	1436	82,7
VALADOURO	2209	110,5
OURENSE		
AMOEIRO	2318	39,7
CARBALLEDA DE AVIA	1607	47
CASTRELO DE MIÑO	1981	39,7
CASTRELO DO VAL	1240	122
CORTEGADA	1367	26,9
ENTRIMO	1406	84,5
GOMESENDE	1048	28,3
MASIDE	3087	40
O BARCO DE VALDEORRAS	14040	85,7
PADERNE DE ALLARIZ	1597	38,8
PARADA DE SIL	729	62,4
PETÍN	1042	30,5
PIÑOR	1430	52,7
SAN AMARO	1335	28,9
TABOADELA	1690	25,2
VERÍN	14237	94,1
VILAMARÍN	2254	56,1
VILARDEVÓS	2382	152,1
PONTEVEDRA		
A GUARDA	10404	20,5
CUNTIS	5172	79,8
MEAÑO	5475	27,8
MORAÑA	4349	41,3
NIGRÁN	17869	34,8
OIA	3192	83,3
PONTECESURES	3116	6,7
VILABOA	5935	36,9

BENESTAR INVISTE 2,1 MILLÓNS DE EUROS NO MANTEMENTO DAS 150 PRAZAS PÚBLICAS DA RESIDENCIA DA TERCEIRA IDADE DE BEMBRIVE

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a prórroga da xestión deste servizo público*

A Consellería de Traballo e Benestar inviste máis de 2,1 millóns de euros no mantemento durante este ano das 150 prazas públicas da residencia da terceira idade situada en Bembrive, en Vigo.

De feito, o Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a prórroga da xestión deste servizo público, destinado principalmente ás persoas maiores en situación de dependencia, xa que todas as prazas están destinadas a este colectivo, agás 10, que poden ser ocupadas por persoas con autonomía.

Os 2,1 millóns de euros destínanse ao mantemento destas prazas ao longo de todo este ano, isto é, ata xaneiro do próximo exercicio.

Este servizo residencial presta unha atención especializada, continuada e de calidade aos dependentes galegos, polo que a súa prórroga se inscribe na aposta do Goberno galego polos mellores recursos para atender ao colectivo dos maiores e para avanzar, ao tempo, na aplicación da Lei de dependencia, especialmente no que se refire á potenciación de servizos sobre as prestacións (tal e como promove a propia normativa).

Este compromiso reflíctese na posta en marcha, desde que comezou a lexislatura e ata finais de 2010, de ao redor de 2.000 novas prazas de atención a maiores, tendo en conta as residenciais, de día, e de atención de alzheimer.

No que se refire á Vigo e da súa comarca, actualmente conta con case 700 prazas residenciais públicas, ás que se suman outras preto de 220 en centros de alzheimer e centros de día, isto é, máis de 915 prazas públicas para maiores. No que vai de lexislatura, creáronse nesta área ao redor de 130 prazas públicas de maiores (en centros de día e residenciais).

AS COMUNIDADES AUTÓNOMAS ÚNENSE NA PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

- *Mediante esta convenio de colaboración, as comunidades autónomas traballarán de forma conxunta na coordinación de programas específicos de concienciación e sensibilización, así como nos labores de vixilancia*
- *O acordo constitúe zonas de axuda inmediata. Nos lumes forestais, que teñan lugar nas zonas limítrofes, os efectivos de extinción de calquera das comunidades que se atopen máis próximos ao sinistro poderán actuar de xeito inmediato*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo da Consellería do Medio Rural polo que se aproba un convenio de colaboración entre Comunidades Autónomas para a prevención e extinción de incendios forestais.

No marco dunha nova política de cooperación entre comunidades autónomas determinouse, na última xuntanza que tivo lugar o 8 de marzo de 2010 en Palma de Mallorca, impulsar a tramitación dun convenio para salvagardar os montes, destinando os medios humanos e materiais para conseguir unha xestión forestal sustentable.

Nesta reunión, os representantes das comunidades das Illas Baleares, Cataluña, Andalucía, A Rioxa, Valencia, Aragón, Castela A Mancha e Castela León acordaron traballar de xeito conxunto na prevención e extinción de lumes que afecten zonas limítrofes ou próximas entre estes territorios. O departamento que dirixe Samuel Juárez presentou unha addenda para poder formar parte deste convenio.

Colaboración

A colaboración basearase na coordinación de programas específicos de concienciación e sensibilización para a prevención de lumes forestais, así como a coordinación na vixilancia e situación nas infraestruturas de prevención. Nas tarefas de loita contra os incendios forestais achegaranse medios materiais, humanos e económicos.

Unha das liñas de colaboración será facilitar nos centros de coordinación, das comunidades autónomas asinantes, as peticións de axuda que se soliciten para a asistencia de incendios por medio do teléfono de emerxencias 112.

Zonas de axuda

Mediante este acordo constitúense zonas de axuda inmediata, que abranguen desde a liña divisoria das comunidades ata unha distancia de arredor de 5 quilómetros. Nos lumes forestais, que teñan lugar nestas zonas limítrofes, os efectivos de extinción de

calquera das comunidades autónomas que se atopen máis próximos ao sinistro poderán actuar sen necesidade de petición de axuda e tras facer a correspondente comunicación.

A XUNTA APROBA A ESTRATEXIA ESPECÍFICA PARA A REACTIVACIÓN DO SECTOR TÉXTIL GALEGO

- *O programa céntranse nas pequenas e medianas empresas por constituír o segmento con maior potencial de crecemento desta actividade, fundamental de cara ao mantemento do emprego*
- *A estratexia atende as necesidades do curto, medio e longo prazo*

O Consello da Xunta de Galicia vén de dar o seu visto e praxe ao informe no que se diseña a estratexia da Consellería de Economía e Industria para a reactivación do sector téxtil galego, cun programa específico orientado a mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas do sector téxtil galego, fortalecer o posicionamento das empresas do téxtil galego tanto no mercado nacional como internacional e a acadar un sector forte, innovador e de calidade.

A estratexia de reactivación do sector téxtil galego atende tanto as necesidades do curto prazo do sector, como a aquelas que contribúan a dotalo de estabilidade a medio e longo prazo. O programa céntranse nas pequenas e medianas empresas, por constituír o segmento con maior potencial de crecemento desta actividade, fundamental de cara ao mantemento do emprego.

Ademais, esta iniciativa fomentará a colaboración con outros sectores estratéxicos de Galicia para conseguir sinerxías intersectoriais, destacando o potencial de colaboración no eido das novas tecnoloxías ou as actividades de loxística, ao mesmo tempo que se incentivará a internacionalización das empresas do téxtil e a defensa da súa posición competitiva no mercado español.

Ao abeiro da estratexia de apoio ao téxtil galego desenvolveranse liñas de actuación habilitadas entorno a eixos estratéxicos como a vertebración dun sector forte capaz de contar cunha visión compartida que sexa articulada desde o Clúster do Téxtil, creado recentemente co impulso definitivo da Consellería de Economía e Industria.

O TRABALLO DO LABORATORIO DE CONSUMO DE GALICIA, O ÚNICO DAS SÚAS CARACTERÍSTICAS EN ESPAÑA, INCREMENTA OS NIVEIS DE SEGURIDADE DA CIDADANÍA GALEGA

- *A estratexia da Xunta e da Consellería de Economía e Industria que dirixe Javier Guerra pasa por continuar avanzando na mellora dos controis dos produtos industriais que chegan aos consumidores*
- *Galicia tense convertido na Comunidade Autónoma que maior número de produtos perigosos localiza porque é a que máis investiga e porque conta co único laboratorio de referencia acreditado en todo o Estado*
- *O IGC realizou en 2010 máis de 85.000 actuacións de control de seguridade e procedeu á retirada de 27.970 unidades de produtos que foron notificados ao SIRI (Sistema de Intercambio Rápido de Información)*
- *A campaña específica de Nadal 2010 logrou retirar do mercado dous produtos que presentaban riscos para os máis pequenos*

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto bo ao informe da Consellería de Economía e Industria no que se reflicte como se teñen intensificado as actuacións de control e análise do Instituto Galego de Consumo (IGC) a través da inspección e do Laboratorio de Consumo de Galicia (LCG) para incrementar os niveis de protección dos consumidores galegos.

O informe recolle o importante papel que xoga o LCG, único centro en España de carácter público e acreditado pola Entidade Nacional de Acreditación, na estratexia da Xunta de Galicia e da Consellería de Economía e Industria que dirixe Javier Guerra de avanzar nas políticas destinadas a incrementar os niveis de seguridade dos produtos industriais que chegan á cidadanía galega e que xa teñen feito de Galicia a comunidade autónoma que maior número de produtos con risco para os consumidores localiza e investiga.

No que se refire á seguridade dos produtos, o informe destaca a importancia que desde a Consellería de Economía e Industria e o IGC lle concede ás cuestións relacionadas coa seguridade dos produtos, tendo en conta que operamos nun mercado globalizado no que os produtos poden ter un longo percorrido antes de chegar ao consumidor final.

Deste xeito, a inspección de consumo do IGC realizou, en 2010, máis de 85.000 actuacións de control de seguridade dos produtos industriais, sobre os que ten competencia, xa que os alimenticios ou os sanitarios dispoñen doutros sistemas específicos de control. Derivado das devanditas actuacións procedeuse á retirada de

27.970 unidades de produtos que foran notificados ao SIRI (Sistema de Intercambio Rápido de Información) por presentar riscos para a seguridade dos usuarios.

O IGC fixo durante o pasado ano e fai especial fincapé naqueles produtos destinados a colectivos especialmente vulnerables, sobre todo aos nenos. Por esta razón, ao longo de 2010, leváronse a cabo campañas nas que se analizaron as condicións de seguridade de chupetes, xoguets expandibles, material escolar ou nos champús infantís.

Con todos estes esforzos, Galicia tense convertido na comunidade autónoma que maior número de produtos con riscos localiza, debido a que tamén é a que máis investiga neste terreo, uns datos que cobran maior relevancia se temos en conta que na comunidade non se rexistrou ningunha alerta derivada da notificación dun produtor. Neste sentido, cómpre sinalar a eficacia destas campañas, que teñen contribuído a que 87 produtos perigosos teñan sido identificados e incluídos na rede de alerta nacional ao presentar riscos para o consumidor.

O documento apunta que as actuacións de control que a inspección de consumo leva a cabo se realiza de xeito permanente, e a través delas se vixía o cumprimento das obrigas dos prestadores de servizos ou dos comerciantes que poñen os seus produtos a disposición do consumidor final. Entre estas actividades habituais de control cómpre destacar o control da etiquetaxe, no que é fundamental que estea identificado o responsable, en previsión das posibles reclamacións; a correcta indicación dos prezos, ou a existencia das preceptivas follas de reclamación, entre outras cousas.

Nadal 2010

Dentro da Campaña específica de Nadal 2010, o informe apunta que o IGC puxo en marcha tres novas campañas específicas de control centradas nas grilandas luminosas, os xoguets con cordas e arrastre e os xoguets de madeira, nas que o Laboratorio de Consumo de Galicia, o único das súas características en España, ten analizado mostras de case 40 produtos, nas que se localizaron dúas grilandas cun risco grave (choque eléctrico), así como dous xoguets con cordas con risco de asfixia para os máis cativos. Estes produtos foron retirados do mercado.

Por outra banda, a Campaña de Nadal 2010 complementouse coas accións formativas da Escola Galega de Consumo (EGC), cunha campaña que tratou de forma especial á compra de xoguets e videoxogos, sen esquecer a formación sobre vos dereitos e deberes das persoas consumidoras e como exercelos. As actividades, neste caso, centráronse nunha serie de accións formativas, nas que se traballaron aspectos singulares das compras típicas do Nadal, que preocupan ou interesaran ás persoas consumidoras. As actividades comezaron o 9 de decembro e remataron o 15

de xaneiro. Os destinatarios desta campaña informativa, que contou coa participación de 400 persoas, foron fundamentalmente as asociacións de pais e nais do alumnado dos centros escolares (ANPAS) de Galicia, ademais dos propios alumnos e as Asociacións de Consumidores e Usuarios.

A XESTIÓN DA ÁREA HOSPITALARIA DO CENTRO GALEGO DE BOS AIRES RETORNA Á DIRECTIVA DESTA ENTIDADE

- *A reversión da xestión do hospital ao Centro Galego prodúcese como consecuencia do proceso de endebedamento continuado, que se agudizou polas decisións tomadas polo Goberno bipartito*
- *A directiva do Centro Galego de Bos Aires vai asumir, de forma autónoma, a xestión do propio hospital*
- *A Xunta de Galicia colaborará coa institución para o mantemento das prestacións asistenciais aos emigrantes galegos ou descendentes destes que sexan beneficiarios destas*

O Executivo galego vén de abordar un informe referido á reversión do hospital ao Centro Galego de Bos Aires. No informe sinalase que en xuño de 2002 se constituíu, entre a Xunta de Galicia e o Centro Galego de Bos Aires, a Fundación Galicia Saúde para a xestión da administración da área hospitalaria do referido Centro Galego, asinándose, para tal efecto, un contrato de xestión sanitaria por un prazo de 20 anos, aínda que prevendo a súa extinción no caso de perdas acumuladas en dous exercicios consecutivos ou en tres alternos nun intervalo de cinco anos.

A contratación de persoal e a toma de decisións do bipartito, engadido á situación económica da República Arxentina, orixinaron un déficit continuado de Tesourería do centro hospitalario que motivou que a Xunta de Galicia tivese que facer achegas continuas para tratar de controlar a situación existente.

En consecuencia, neste mes de xaneiro, o Padroado da Fundación adoptou o acordo de resolver o contrato de xestión sanitaria á vista dos resultados negativos e como consecuencia da imposibilidade de acadar o fin establecido nos estatutos desta institución.

Mantemento das prestacións

A reversión da xestión do hospital ao Centro Galego prodúcese, pois, como consecuencia do proceso de endebedamento continuado e que agora se está a corrixir mediante a adopción de medidas necesarias para o control do déficit e o progresivo retorno a unha situación económica positiva.

A directiva do Centro Galego de Bos Aires vai asumir, de forma autónoma, a xestión do propio hospital. Pola súa banda, a Xunta de Galicia colaborará coa institución para o mantemento das prestacións asistenciais aos emigrantes galegos ou descendentes destes que sexan beneficiarios destas axudas.

GALICIA REXISTRA UN AUMENTO DO 11,7% NO VOLUME DE VIAXEIROS ALOXADOS NOS ESTABLECEMENTOS REGRADOS DE GALICIA ENTRE XANEIRO E NOVEMBRO CON RESPECTO AO MESMO PERÍODO DE 2009

- *Este incremento tamén se viu reflectido nas pernoitas, cunha suba do 9,2% máis respecto dos once primeiros meses do ano pasado*
- *Esta situación contrasta coa media nacional, onde o volume de pernoitas e viaxeiros se sitúa só entre o 5,1 e o 5,9%, respectivamente*
- *Supéranse tamén as cifras do último Xacobeo, nun 4,7% os viaxeiros e nun 5,6% as pernoitas, circunstancia que coloca os volumes de afluencia turística á nosa comunidade en niveis que nunca se produciran*
- *Os incrementos do segmento rural son dos máis significativos, con aumentos do 10,3% e do 5,7% máis de volume de viaxeiros e pernoitas que o ano pasado. Pola contra, a media nacional descendeu nos dous casos, un 2,3% no volume de viaxeiros e un 4,3% no de pernoitas*

A Consellería de Cultura e Turismo vén de presentar, ante o Consello da Xunta de Galicia os últimos datos oficiais do Instituto Nacional de Estadística (INE), referentes á conxuntura turística de Galicia dos once primeiros meses do ano 2010, e do pasado mes de novembro. En concreto, a comunidade galega registrou un aumento do 11,7% do volume de viaxeiros aloxados en establecementos de aloxamento regrado entre xaneiro e novembro deste ano, con respecto ao mesmo período do ano pasado. Este incremento tamén se viu reflectido nas pernoitas, cuxo aumento porcentual foi dun 9,2% máis respecto aos once primeiros meses de 2009.

Esta situación contrasta coa media nacional, onde o volume de viaxeiros se situou nun 5,9% no caso dos viaxeiros e nun 5,1% no das pernoitas. Galicia contribúe de forma decisiva ao incremento global da demanda a nivel estatal, constituíndo unha das comunidades máis dinámicas de España, e dobrando as variacións nacionais.

Os datos revelan tamén que se superan as cifras do último Xacobeo, nun 4,7% os viaxeiros e nun 5,6% as pernoitas, circunstancia que coloca os volumes de afluencia turística á nosa comunidade en niveis nunca antes coñecidos, cando menos no que atinxe ao segmento regrado.

Esta conxuntura positiva do conxunto de aloxamento regrado prodúcese en cada unha das tipoloxías. En particular, o volume de viaxeiros medra tanto nos establecementos hoteleiros (un 12,1% máis respecto a 2009) como nos extrahoteleiros (un 9,2%). Este comportamento obsérvase tamén no caso das pernoitas (unha suba do 10,3% no caso dos establecementos hoteleiros e do 3,4% no dos extrahoteleiros).

Por categorías, os apartamentos turísticos acadan un 11% máis no volume de viaxeiros aloxados respecto do ano pasado e do 4,6% no das pernoitas.

No caso dos acampamentos, a suba dos viaxeiros sitúase nun 7,9% máis respecto ao período xaneiro-novembro de 2009 e o das pernoitas do 2,1%.

Os establecementos de turismo rural acadan un 10,3% máis de volume de viaxeiros aloxados nestes e dun 5,7% máis de pernoitas que o ano pasado. Esta situación contrasta fortemente coa media nacional, onde o volume de viaxeiros descendeu un 2,3% e o de pernoitas un 4,3%. A comparativa do segmento rural deste Ano Santo con respecto ao do 2004 tamén resulta favorable para o actual, ao incrementárense notablemente volume de viaxeiros e pernoitas, en concreto, un 19,1% e un 13,4% respectivamente.

Esta situación prodúcese como consecuencia dun crecemento continuado da demanda turística desde o mes de marzo, en porcentaxes que superan o 10% na maior parte dos meses.

A PRIMEIRA SEMANA DE APERTURA AO PÚBLICO DA CIDADE DA CULTURA PÉCHASE CON MÁIS DE 12.000 VISITANTES E UNHA AMPLA PROGRAMACIÓN

- *Sete días despois da inauguración do edificio da Biblioteca e do Arquivo, presidida polos Príncipes de Asturias o 11-1-11, a Cidade da Cultura de Galicia superou a cifra de visitantes rexistrada durante todo o ano pasado.*
- *A Xunta de Galicia márcase como obxectivo comezar a rendibilizar canto antes a Cidade da Cultura, actuando con rigor e solvencia para aproveitar a potencialidade do complexo arquitectónico e convertilo nunha referencia internacional, tanto a nivel cultural como turístico.*

A Consellería de Cultura e Turismo informou hoxe o Consello da Xunta do balance da primeira semana de apertura ao público da Cidade da Cultura de Galicia, tras a inauguración por parte das Súas Altezas Reais os Príncipes de Asturias dos edificios do Arquivo e da Biblioteca o pasado 11 de xaneiro. En sete días, máis de doce mil persoas achegáronse a coñecer o complexo da Cidade da Cultura de Galicia ou participaron nalgunha das actividades programadas.

A Xunta de Galicia considera que, tras a data histórica vivida onte día 11-1-11, é o momento de que esta magnífica infraestrutura cultural comece a percorrer o camiño que a levará a converterse nunha “cidade” para o coñecemento e a creatividade, contribuíndo a que Galicia poida afrontar os desafíos do futuro. Coa inauguración oficial da Biblioteca e o Arquivo, que agora irán despregando todos os servizos que lle son propios ata alcanzar o seu pleno funcionamento, iníciase un tempo no que os galegos poderán sentirse orgullosos de contar con espazos de excelencia dedicados ao seu patrimonio bibliográfico e documental e, por tanto, ao coñecemento e a memoria colectiva.

A cifra de visitantes rexistrada na primeira semana de apertura ao público confirma o interese que está a espertar esta nova etapa no complexo deseñado por Peter Eisenman no monte Gaiás. A maior afluencia de visitantes foi contabilizada durante a fin de semana, ata o punto de que foi preciso dobrar o número de visitas guiadas para poder atender a demanda. As visitas desta primeira semana permiten superar xa o cómputo de 12.255 persoas que ao longo de todo o ano 2010 participaron no Programa de Visitas Guiadas ás Obras.

Os visitantes que se achegaron ao Monte Gaiás nestes primeiros días puideron coñecer os edificios xa rematados, a súa programación cultural e gozar do novo espazo definido polo conxunto da praza e a área urbanizada ao redor dos dous volumes inaugurados. O contorno foi utilizado como lugar para paseo, práctica de

actividades deportivas ou de lecer. A meirande parte das persoas que se achegaron o sábado e o domingo foron cidadáns que viñeron de xeito individual, a pé, no seu propio vehículo ou nos autobuses urbanos que comunican a Cidade da Cultura con Santiago.

As actividades para o público na Cidade da Cultura de Galicia puxéronse en marcha cos seguintes horarios:

- Atención ao público da Biblioteca e Arquivo: 8.30 - 14.30h. / Luns á venres.
- Visita ás exposicións: 10 a 14 / 16 a 20 / Todos os días da semana.
- Visitas guiadas: 12 e 18h. / Todos os días / Saída dende o Punto de Información (Espazo On).
- Visitas guiadas en autobús dende Santiago: 12 e 17h. / Sábado e domingos / Saída: Sede da Fundación Cidade da Cultura de Santiago, San Roque nº2 / Reserva de praza

Atractivo cultural

A Xunta de Galicia márcase como obxectivo comezar a rendibilizar canto antes a Cidade da Cultura, actuando con rigor e solvencia para aproveitar a potencialidade do complexo arquitectónico e convertelo nunha referencia internacional, tanto a nivel cultural como turístico. O Goberno galego segue adiante no seu esforzo por xuntar cultura e vangarda, reforzando a presenza das novas tecnoloxías na Cidade da Cultura co traslado do Centro do Proceso de Datos Integral, que permitirá ademais unha importante optimización do gasto.

No que respecta á actividade cultural, a Cidade da Cultura de Galicia ofrece na actualidade a posibilidade de gozar das exposicións:

- “Peter Eisenman. A Cidade” (Arquivo de Galicia). A modo de centro de interpretación, a mostra explica as claves deste proxecto arquitectónico e dá a coñecer o equipo de profesionais que o puxo en marcha. A exposición reflicte o compromiso que manterá a Cidade da Cultura de Galicia coa arquitectura contemporánea.
- “Espazos propios” da fotógrafa alemá Cándida Höfer (Biblioteca de Galicia). Trátase dunha mirada aos espazos de transferencia de coñecemento ligados ao Camiño de Santiago e un exemplo de como o complexo do Gaiás se abrirá sempre aos artistas contemporáneos buscando puntos de unión coa realidade galega.
- “Exlibris Gallaeciae. Dos libros de Galicia” (Arquivo de Galicia). Propón un percorrido pola construción da cultura galega a través de oitenta “xoias bibliográficas” por primeira vez reunidas na mesma exposición, dende o primeiro documento escrito en

galego ata o primeiro libro electrónico editado en Galicia. Esta mostra adianta a que será unha programación que terá sempre entre os seus obxectivos difundir a riqueza do noso patrimonio bibliográfico e documental, ou o que é o mesmo, traballa para preservar a memoria e a identidade.

Na primeira semana da Cidade da Cultura de Galicia tivo lugar ademais a posta en marcha do ciclo "Galicia, ceo das letras". Ata o 25 de xuño, "Galicia, ceo das letras" presentará doce sábados de autor dedicados a homenaxear a grandes figuras da literatura galega e universal a través dunha serie de actividades literarias mesturadas con representacións artísticas. A primeira sesión, celebrada o pasado día 15 na Biblioteca de Galicia, estivo dedicada a Rosalía de Castro e contou coa participación dunhas 150 persoas, cunha ampla representación das institucións culturais galegas.